



Ponte deume

BANDO

AUTORIZACIÓNS PARA VERBENAS E FESTAS POPULARES

A Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia contempla no seu articulado, a regulación para a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, normativa á que, tal e como se ten indicado dende a Xunta de Galicia, está suxeita a realización de verbenas e festas populares.

Ao obxecto de dar cumprimento ao establecido pola normativa autonómica e conforme ao indicado pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia e a FEGAMP, ante a chegada do periodo estival, no que se organizan numerosas actividades deste tipo nas distintas parroquias do termo municipal, mediante o presente FAISE SABER que para a realización de todo tipo de verbenas e festas populares débese ter tramitada a oportuna autorización, para a que existen uns modelos de solicitude que poderán recoller logo de poñerse en contacto coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ponte deume no teléfono 647774796, onde se proporcionará a información precisa e necesaria para poder realizar estes eventos de carácter lúdico.

As solicitudes deberán ser tramitadas cunha antelación de 7 días hábiles respecto da data na que vaia ter lugar a actividade.

En Ponte deume, a 19 de maio de 2016

O Alcalde,



Bernardo Fernández Piñeiro.